
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A REAPERTURA AO PÚBLICO DO PAZO DE AMARANTE

Desde agosto de 2017 a Secretaría Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia iniciou un expediente de resolución do convenio subscrito no seu día co Concello de Santiago con fin de privar á cidadanía do uso do xardín do Pazo de Amarante (sede do Consello Consultivo de Galicia, Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais).


A pesar das tentativas do Concello de Santiago de renovar o convenio e manter aberto o xardín, primeiro foi imposta unha redución horaria ata que, finalmente, a Xunta de Galicia pechouno totalmente ao público. Unha decisión non compartida polo daquela goberno municipal, a pesar de que en dúas comisións de seguimento o goberno local atendeu as peticións do goberno galego: reforzando a sinalización do estacionamento e reforzando a presenza policial; e axustando os horarios de apertura do xardín ao horario de vixilancia privada do Pazo.

Tendo en conta todo o anterior, e dadas as novas circunstancias políticas e a boa sintonía dos gobernos galego e de Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta:

SOLICITA:

- Que o goberno municipal adopte as medidas precisas para recuperar as apertura ao público dos xardíns do Pazo de Amarante nas mesmas condicións do acordo inicial.

Santiago de Compostela, 18 de Setembro do 2019



Jorge Duarte Vázquez



Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA